

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/59-1
Entidade	CONFRARÍA DE FERROL	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De faro da punta da Frouxeira ata a Faísca
Subzonas de explotación	Zona A, todo o ámbito do plan excepto: zona B (Pieiro, excluído o porto exterior), zona C (Lumebo), zona D (O Quente), zona E (Chas), zona F (O Eirao), zona G (Santa Comba, excluídos os Cabalos grande e chico), zona H (Corvos de Meirás), zona I (Castelos de Campelo, excluído o Castelo da Herba e As Gaviotas), zona J (Illa Herbosa e Cabalos grande e chico) e zona K (Porto exterior).

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
18	42	91
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		150										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé (percebeiro/día)	Embarcación	(Habilitación enrolado e a bordo/día)
Percebe	8 kg 10 kg en xuño, xullo, agosto e decembro	-	8 kg 10 kg en xuño, xullo, agosto e decembro

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta, segundo Decreto 424/1993
-------------------------	---

Puntos de control	Lonxa de Ferrol e zonas de produción
Puntos de venda	Lonxas de Ferrol e de Cedeira

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Rexeneración zonas improdutivas														
Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Extracción semente para resembr														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Sementeir														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados														
Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zona de traballo: O ámbito deste plan divídese en 11 zonas que se traballarán de xeito rotativo, deixándoas descansar o tempo suficiente para a súa recuperación. O plan inclúe un calendario de rotación das zonas.

Participantes: O listado de embarcacións anexo ao plan inclúe un total de 42 embarcacións ás que lle asignan 96 tripulantes, cando conforme aos datos da Consellería a estas embarcacións lles corresponden 91 habilitacións. As diferenzas atopadas na asignación de cotas son as seguintes:

-
-
-
-
-

Na modalidade de a pé, rematado o proceso de ampliación e renovación de permex para o ano 2011, o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan é de 18. No listado anexo ao plan non inclúen a que obtiveron o permex no mes de novembro e está pendente a súa renovación.

Xestión da explotación: As medidas de xestión propostas neste plan, mediante a rotación das zonas de produción, considéranse moi axeitadas para a recuperación deste recurso.

Extracción dirixida ao percebe "alongado" que se desenvolverá baixo as seguintes



condicións:

- Solicitude expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes, talla mínima e puntos de control
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.
- Cota máxima de captura: 10 kg/percebeiro/día e 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximo de extracción
- Esta extracción realizarase durante os meses de xullo e agosto
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.
- As zonas nas que se levará a cabo esta extracción deberán estar claramente identificadas

Puntos de control: Este plan establece un único punto de control, a lonxa de Ferrol. Non especifica a organización e funcionamento deste punto de control nin designa ás persoas responsables. Recoméndase establecer puntos de control nas zonas de traballo. Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento eficaz dos puntos de control establecidos. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Vixilancia: Os integrantes deste plan colaborarán nas labores de vixilancia dos bancos de percebe. Non especifica se a participación nas vixilancias é obrigatoria, nin define a organización (distribución de grupos, establecemento de quendas...), nin designa ás persoas responsables da organización nin do control de asistencia.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.
- Recoller as normas que rexerán a colaboración nas labores de vixilancia.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan polo órgano de goberno da confraría



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

de Ferrol

- Normas de funcionamento do punto de control e persoas responsables.